

In memoriam de Julio Andrade Malde

Xosé Lois Rey Muñiz

O pasado 29 de marzo chegounos a moi triste nova do pasamento de Julio Andrade Malde (1940-2020). Nos círculos entomolóxicos galaicos era ben coñecido por ser o principal e inicial divulgador dunha especie de escarabello singular: *Carabus galicianus*.

Licenciado en dereito e diplomado en xemoloxía desenvolveu a súa vida profesional no Banco Pastor

Nos seus traballos realizou a primeira aproximación á bioloxía e distribución desta especie endémica da esquina noroccidental da península ibérica, ligada indefectiblemente ó destino dos mil ríos de Cunqueiro. Un traballo nunha época heroica de transitar camiños e corredoiras e con escasas ou nulas referencias documentais de apoio.

Julio, a quen tratei inicialmente a través do apreciado Luís Freire García, Presidente que foi da SGHN, tiña na entomoloxía unha afeición menos pública, pero non por elo fixo unha contribución menor. A súa faceta como musicólogo foi sobresaínte e non a podemos deixar de nomear nestas liñas. Compositor, crítico e autor de máis de 75 artigos de revistas, diversas colaboracións en obras colectivas e libros. Como compositor, adaptou poemas de Xosé Díaz Xácome, Eduardo Pondal ou Curros Enríquez e realizou unha harmonización e orquestración do Himno Galego de Pascual Veiga.

A última colaboración de Julio coa entomoloxía da que temos constancia veu na redacción do *Atlas e libro vermello de Carabini, Cychrini e Lucanidae (Insecta, Coleoptera) de Galicia* editado pola SGHN en 2013. Durante a preparación da redacción puíden visítalo para tratar sobre algúns datos e citas dos *Carabus*. No decorrer daqueles encontros el mesmo ofreceuse a redactar algunha especie, o que se concretou na redacción de *Carabus nemoralis* e como non *Carabus galicianus*, quen mellor senon!

O seu pasamento pecha unha época de entomólogos menos tecnolóxicos, artesanais, e que no caso de Julio deveu nun luthier fino e preciso.

Descanse en paz.

Ofrecemos unha compilación dos traballos entomolóxicos redactados por Julio e un mapa actualizado da distribución coñecida de *Carabus galicianus* en Galicia, a “súa” especie.

ANDRADE MALDE, J. 1977. In Memoriam Paul Raynaud: *Ctenocarabus galicianus*, Gory (Coléoptère Carabidae) estados larvarios (Ex societate imaginis). *Nouvelle Revue Ent.*, 7 (3): 257-260.


ANDRADE MALDE, J. 1978. Nota sobre la larva de *Ctenocarabus galicianus*, Gory. *Nouve Revue Ent.*, 7 (3): 257-260.

ANDRADE MALDE, J. 1980. Notas sobre la biología de *Ctenocarabus galicianus*, Gory. *Nouve Revue Ent.*, 10: 19-28.

ANDRADE MALDE J. 1986. Os *Carabus* de Oleiros. *Saramaganta*, 3: 1-8.

ANDRADE MALDE, J. 2013. *Carabus nemoralis* Müller, 1764 in SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL (SGHN). 2013. Atlas e libro vermello de Carabini, Cychrini e Lucanidae (Insecta, Coleoptera) de Galicia. Vilagarcía de Arousa. 162 pp.

ANDRADE MALDE, J. 2013. *Carabus galicianus* Gory, 1839 in SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL (SGHN). 2013. Atlas e libro vermello de Carabini, Cychrini e Lucanidae (Insecta, Coleoptera) de Galicia. Vilagarcía de Arousa. 162 pp.



Distribución actualmente coñecida (en Galicia) de *Carabus galicianus*

